


FUNDACIÓN



PLÁCIDO CASTRO

Memoria 2023





Presentación

A memoria de actividades correspondente a 2023 recolle os aspectos de maior destaque da axenda que se foi conformando ao longo do ano. O Padroado da Fundación velou pola súa implementación e dinamización constante.



1. Conferencia Anual

A XXIV Conferencia Anual versou sobre "*A Irlanda de Plácido R. Castro: da claridade modélica á ambivalencia retórica*", e foi impartida polo profesor Xavier Rodríguez Madriñán. Levouse a cabo o 25 de Xaneiro na vila de Oleiros. En colaboración con este concello tamén se completou a edición do texto.



2. Premio de Tradución: XXIª edición

En Cambados, o 7 de setembro de 2023 reuniuse o xurado integrado por: D.^a Ánxela Gracián (Xunta de Galicia), D.^a. Beatriz Fariñas (Asociación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación), D.^a. Andrea F. Maneiro (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega), D.^a. Ana Luna Alonso (Departamento de Tradución da Universidade de Vigo), D. Xosé Antón Palacio Sánchez (Real Academia Galega), e D. Xulio Ríos (Presidente de Honra do IGADI), actuando en calidade de secretario do xurado en representación da Fundación Plácido Castro, con voz pero sen voto. Resolveu outorgarlle

o Premio Plácido Castro 2022 *ex aequo* á tradutora **Eva Almazán** pola obra *O ano do pensamento máxico/The Year of Magical Thinking*, de Joan Didion; e a **Xosé Antón Parada Fernández**, pola obra *Código de Hammurabi e outras compilacións legais de procedencia babilónica*. A cerimonia de entrega tivo lugar o 29 de Setembro, Día Internacional da Tradución, en Corcubión. Esta XXIª edición contou coa colaboración das editoras Galaxia, Hércules, Hugin e Munin, Rinoceronte e Medulia. Foron tamén aprobadas as bases da XXIIª edición.



3. **Plácido Castro. Nós mesmos no mundo**

A nova biografía de Plácido Castro, da man de Susi Castro e Xulio Ríos, presentouse en Vilagarcía o 10 de Febreiro e en Cambados o 2 de Decembro de 2023.



El Ministro de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática

Habiendo quedado acreditado que **D. PLÁCIDO RAMÓN CASTRO DEL RÍO** padeció persecución por razones políticas e ideológicas durante la Dictadura franquista. Natural de Corcubión (A Coruña), escritor, periodista y traductor en 1931 participó en la asamblea constituyente del Partido Galeguista siendo elegido miembro del consejo directivo. Activo defensor del Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936, fue procesado el 11 de enero de 1940 por el Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas de A Coruña y, según la sentencia del 14 de enero de 1940 con número 13/940, condenado a 15 años de inhabilitación absoluta, 8 años y 1 día de destierro a más de 100 kilómetros de Muxía (A Coruña) y una multa de 25.000 pesetas por el supuesto delito de responsabilidad política. A raíz de esto, se instaló en Vigo, pero debido a la inhabilitación se exilió a Portugal y posteriormente a Londres. Regresó a España en 1956.

VISTO que **D. PLÁCIDO RAMÓN CASTRO DEL RÍO** tiene derecho al reconocimiento y a obtener la reparación moral y la recuperación de su memoria personal, familiar y colectiva, habida cuenta de que en virtud de lo dispuesto en el artículo 5 de la Ley 20/2022, de 19 de


4. Declaración de Reconocimiento e Reparación Persoal

Ao abeiro da nova normativa en materia de memoria democrática, a fundación decidiu promover a declaración de nulidade da sentenza que en 1940 estableceu a condena de Plácido Castro en razón da súa militancia política galeguista. O 4 de xullo ditouse a correspondente declaración de recoñecemento e reparación persoal.



5. 90 aniversario da participación galega no Congreso de Nacionalidades Europeas

A Fundación sumouse aos actos organizados pola Fundación Vía Galega arredor desta efeméride, contribuíndo á mesma con diversas publicacións, incluíndo un caderno e un especial informativo distribuído polo xornal Nós.



6. La saudade y el arte en los pueblos célticos

Ao se cumpriren 95 anos da súa primeira publicación, completouse a edición facsimilar desta obra que contou cun estudo introdutorio de Antón Capelán Rei.



CATRO ILUSIONS N-UNHA MAÑAN

Ao despertar esta mañan
sentín un violín tocar :

=====

e acompañal-o un "violoncello" -
lástima de Honneger galego...

Ao despertar esta mañan
eu vín no ceo a pendurar
un mapa novo, prateado -
terras e mares iñorados.

Ao despertar esta mañan
ollei sobre o azul do mar
ducias de cisnes, sonrosados,
todos en popa navegando.

7. Brincadeiras poéticas

Avanzamos na publicación dos poemas inéditos de Plácido Castro. Trátase dun total de dezanove poemas que agrupamos baixo a rúbrica de "Brincadeiras Poéticas". Incorporará unha ilustración orixinal acompañando cada poema.



8. Convenio co Instituto Amergin

O 9 de marzo asinouse en Cambados un convenio co Instituto Universitario de Investigación de Estudos Irlandeses Amergin fundado na Universidade da Coruña e representado por David Clark. Entre os obxectivos específicos, cómpre citar: a) a valorización da relación entre Irlanda e Galicia a través de conferencias, exposicións, xornadas, misións

de estudo, premios, etc.; b) a planificación de actos cívicos con especial atención ás diferentes manifestacións artísticas asociadas co mundo celta; c) a promoción dos intercambios que faciliten o coñecemento mutuo e a cooperación entre institucións e sociedades das dúas comunidades.



9. Mapa de Plácido Castro

David Paz Nóvoa elaborou un mapa de Geoguessr con 34 lugares que están relacionados con Plácido Castro.

Proba (é gratis):

<https://www.geoguessr.com/challenge/tm3R1hZ0h0k0DsLx>

Ficha con información das ubicacións (spoiler):

https://docs.google.com/document/d/1fr_O__ASZL6s6aLLPYvyr9yqQhP48Wq8UvdMK0XP-8s/edit?usp=sharing



Fundación Plácido Castro · 30min · Nuevos posts
A IIª Conferencia Plácido Castro tivo lugar o 25 de xaneiro de 2001 en Cambados. Correu por conta de Ramón Lugrís, quen disertou sobre "Nós, os pobos das Nacións Unidas..." Fantasía e realidade dunha orde internacional". Accesible, aquí: fundacionplacidocastro.com/conferencia-an...



Fundación Plácido Castro · 24 nov ·
¡Ai Amor! ; Quén poidera conspirar co Destino E apreixar este triste Sistema, tan mesqui... Ver más



10. Promoción da páxina web da Fundación e da presenza nas redes sociais

O plan de promoción da entidade para divulgar a figura de Plácido Castro nas redes sociais permitiu manter estable o número de seguidores en ambas redes. Dunha banda, o número de seguidores en Facebook mantívose flutuante arredor dos 2.000 e fixéronse 306 publicacións. En Twitter, acercámonos aos 600 e fixéronse 327 chíos.



11. Relacións Institucionais

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través do seu titular **Valentín García Gómez**, expresou o seu apoio a diferentes actividades da Fundación.



12. Reunións do Padroado

O Padroado reuniuse en dúas ocasións: 10 de Febreiro e o 29 de Setembro.



13. Renovación do Padroado

Como consecuencia dos cambios rexistrados na composición das Corporacións Locais dos concellos integrantes do padroado, incorporáronse María E. Bella Piñeiro (Corcubión) e José Luís

González Roma (Cambados). O Padroado expresou o sincero agradecemento ao labor desempeñado por Pepe Louro (Corcubión) e Tino Cordal (Cambados), que os precederon nese cometido.



14. Incorporación de Catoira

Plácido Castro estivo implicado a fondo na Romaría Viquinga de Catoira. Ata rememoraría cancións viquingas a modo de himnos para a ocasión.

Xoán Castaño, alcalde de Catoira, trasladou o interese deste Concello en sumarse ao Padroado da Fundación Plácido Castro.



15. Reforzamento da secretaría da fundación

Anunciamos a incorporación ao equipo da fundación de Jacobo Domínguez Pereira (Cambados, 1977). Historiador e profesor, é autor da celebrada «Breve historia de Cambados».



PROVIDENCIA

Presidente
Sr. Martínez Nieto
Vocales
Sr. Del Río Diaz
Sr. Quiroga y M. de Pisón

La Coruña a dieciséis de Mayo de mil novecientos cuarenta.

Notifíquese al inculpado D. PLACIDO CASTRO RIOS que antes del día 1.º de Junio próximo deberá salir de la zona de destierro y presentarse en la Comisaría de Investigación y Vigilancia de Vigo para dar cuenta de su llegada a dicha plaza.

Lo acordaron los señores del margen y rubrica S.º de que yo, Secretario, doy fé. = Hay una rúbrica. = Santiago. = Rubricado.


Es copia
El secretario



Santiago

16. Fondo documental

Seguiuse avanzando na organización da documentación existente, perfeccionando o inventario e mellorando a clasificación dos recursos obrantes na fundación.



17. Outras actividades

Publicáronse en diferentes medios artigos divulgativos a propósito da figura de Plácido Castro.

A fundación colaborou coa editorial Laiovento para promover a publicación da obra premiada na XIXª edición: a

tradución de Laureano Araujo de "Schlumpf, Erwin: Homicidio", obra do escritor suízo Friedrich Glauser.

A fundación sumouse á Asociación de Casas, Museos e Espazos Literarios de Galicia "Nós".



18. Balance económico

INGRESOS	4 612,00
ACHEGAS PADROEIROS	4 400,00
Aportación Concello Vilagarcía de Arousa	1 800,00
Aportación Concello Cambados	1 800,00
Aportación Concello Corcubión	800,00
PRESTACIÓNS DE SERVIZOS	2 000,00
Secretaría Xeral de Política Lingüística	2 000,00
VENDAS DE PUBLICACIÓNS	-2 788,00
Vendas do exercicio	962,00
Abono vendas do exercicio 2022	-3 750,00
DOAZÓNS	1 000,00
Familia Castro Sineiro	1 000,00
GASTOS	8 257,69
GASTOS XERAIS	1 539,05
Compra bens destinados a actividade	317,33
Gastos de secretaría anual	795,00
Servizo asesoría	280,72
Servizos bancarios e gastos financeiros	52,10
Outros tributos (taxas Xunta de Galicia)	33,61
Outros servizos	60,29
GASTOS DAS ACTIVIDADES	6 718,64
Xestión redes sociais	2 010,54
Conferencia Anual	236,97
Premio de tradución Plácido Castro	2 026,00
Edición "Arte y Saudade Pueblos Célticos"	2 189,82
Plan dinamización sede da Fundación	255,31
DÉFICIT EXERCICIO 2023	-3 645,69

FUNDACIÓN



PLÁCIDO CASTRO



*plácido castro
nós mesmos no mundo*

*unha biografía interpretativa
do seu pensamento e
unha análise profunda
dos aspectos centrais
da súa traxectoria vital*

Solicita o teu exemplar gratuito
(gastos de envío para a península, 5 euros)
info@fundacionplacidocastro.com e en bit.ly/3s480Ud



FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO

31 de decembro de 2023